

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte

PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSA NO PLENO

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do Partido Popular. Os recortes, a redución dos orzamentos dedicados á sanidade, os recortes en persoal, material, formación e inversión están a ter unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

Neste contexto, no Punto de Atención Continuada (PAC) de Pontedeume, produciuse unha redución do persoal médico nos domingos e festivos do verán, que se traduciu na presenza dun único equipo médico para dar servizo a todos os concellos que atende, incluído o noso, de maneira que ante unha asistencia domiciliaria ou calquera outra urxencia fóra do centro non quedaba persoal para a atención de outras urxencias.

Esta situación é especialmente grave se temos en conta que tanto Cabanas como Pontedeume chegan a duplicar os número de habitantes durante os meses de verán pola presenza de visitantes.

Sobre esta cuestión, desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes cuestións:

- Que valoración fai o goberno municipal desta redución de persoal levada a cabo pola Consellaría de Sanidade no PAC de Pontedeume durante o verán?
- Coñece o goberno municipal cal é a razón desta redución de persoal médico no PAC de Pontedeume?
- Púxose en contacto o goberno municipal coa Consellaría de Sanidade para esixir unha solución a esta problemática? En caso afirmativo, cales foron as demandas do Concello de Cabanas sobre este tema e cal foi a resposta da Consellaría? En caso negativo, non lle parece ao goberno municipal que este asunto é sumamente grave como para obvio e non ter levado a cabo ningunha iniciativa sobre o mesmo?

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



En Cabanas, a 26 de setembro de 2017

Asdo. **Iago Varela Martínez**

Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte

PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSA NO PLENO

Durante a pasada semana, do 16 ao 22 de setembro, celebrouse a Semana da Mobilidade, unha iniciativa a nivel europeo que pretende concienciar sobre as consecuencias negativas que ten o uso irracional dos automóbiles tanto na saúde pública coma no medioambiente, e sobre os beneficios do uso de modos de transporte máis sostíbeis coma o transporte público, a bicicleta e as viaxes a pé.

Esta iniciativa está pensada principalmente para as cidades, máis os concellos pequenos coma Cabanas tamén se ven afectados polos problemas de mobilidade. É por iso que desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes cuestións:

- Levou a cabo o Concello de Cabanas algunha actividade co gallo da Semana da Mobilidade?
- Estase promovendo desde o Concello calquera política de mobilidade destinada a evitar o uso do automóbil e promover alternativas máis sostíbeis?
- Canto orzamentou o Concello nestas políticas?

- Considera o goberno municipal que está facendo o suficiente para promover o transporte a pé?
- Podería dicirnos que medidas ten feito o goberno municipal para garantir a seguridade peonil durante esta lexislatura?
- Que outras medidas considera necesarias?
- Ten pensado poñer en funcionamento recomendacións europeas como a creación de espazos segregados ou pasos elevados?
- Pensa o Concello aproveitar a municipalización da N-651 para levar a cabo melloras na seguridade dos peóns?
- Por que non se levou a cabo ningunha actuación de recuperación dos camiños tradicionais?
- Por que non se procedeu ao mantemento de rutas de sendeirismo, algunhas das cales teñen sido deshomologadas pola Federación de Deportes de Montaña?

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



- Por que se fixo caso omiso das nosas frecuentes queixas con respecto á erosión que sofre o Camiño da Costa e que pode provocar o seu derrube?
- Considera o goberno municipal que está facendo o suficiente para promover o transporte en bicicleta?
- Considera o goberno municipal que os carrís bicis existentes ou en construción fomentan realmente o uso da bicicleta?
- Ten previsto o Concello de Cabanas desenvolver a infraestrutura necesaria para o fomento da bicicleta, como a xeralización dos puntos de aparcadoiro específicos máis aló do entorno da praia?
- Considera o goberno municipal que o sistema de alugueiro de bicicletas permite realmente o seu uso como método de transporte cando non ten un funcionamento continuo e só dispón dun punto de préstamo?
- Levou a cabo o goberno municipal calquera tipo de actividade efectiva relacionada coa bicicleta máis aló de medidas simbólicas como a Marcha Cicloturista?
- Pensa realmente o goberno municipal que a bicicleta é unha alternativa de transporte factíbel no Concello de Cabanas?
- Pensa realmente o goberno municipal que a bicicleta é unha alternativa de transporte segura no Concello de Cabanas?
- Considera o goberno municipal que está facendo o suficiente para promover o transporte público en Cabanas?
- Considera o goberno municipal que Cabanas ten un bo servizo de transporte público?
- Levou a cabo o grupo de goberno xestión algunha durante a recente revisión de rutas de transporte público por estrada?
- Considera o goberno municipal que as infraestruturas para o uso do transporte público, como marquesinas, paneis informativos, etc. están nun bo estado?
- Levou a cabo o goberno municipal xestión algunha durante o último ano relacionada coa mellora da comunicación por ferrocarril?
- Pensa realmente o goberno municipal que o transporte pública é unha alternativa de transporte factíbel no Concello de Cabanas?

Por último,

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



- Considera o goberno municipal que posicionamentos como o voto en contra ás nosa mocións de novembro do ano pasado (reclamando a instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos) e de abril deste ano (reclamando maior inversión do Estado en infraestruturas) están de acordo cos obxectivos enunciados anteriormente de evitar as consecuencias negativas do uso dos automóviles e promover medios de transporte alternativos?

En Cabanas, a 26 de setembro de 2017

Asdo. **Iago Varela Martínez**

Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte

PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSA NO PLENO

No verán de 2016 o BNG fíxose eco das queixas veciñais ante a sistemática presenza de vehículos estacionados nos espazos reservados para residentes na zona da praia da Madalena sen a correspondente tarxeta de residente.

No pleno de setembro dese mesmo ano, a preguntas do BNG, o goberno municipal informou de que o Concello de Cabanas tiña imposto un total de 516 sancións en época estival, unha cifra especialmente baixa se temos en conta que nun día de verán por semana é doado atopar máis de 50 vehículos mal estacionados entre o apeadoiro e o acceso á Costa do Vinteún.

Sobre esta cuestión, desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes cuestións?

- Cantas sancións foron impostas durante a época de verán nas inmediacións da praia?
- Cal é a valoración que fai o goberno municipal desta campaña?
- Ten previsto o goberno municipal incrementar a vixilancia para evitar que se produzan infraccións sistematicamente no entorno da praia?

En Cabanas, a 26 de setembro de 2017

Asdo. **Iago Varela Martínez**

Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS

Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

R/ do Concello nº 3, 15622 Cabanas (A Coruña)

e-mail: cabanas@bng.gal

web: <http://cabanas.bng.gal>



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte

PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSA NO PLENO

Nas últimas semanas apareceron pintadas con simboloxía nazi en árbores, colectores de lixo e bancos na zona do paseo marítimo e Piñeiral da Madalena. Se ben todos os actos de vandalismo son reprobábeis, o feito de estas ser manifestacións dunha ideoloxía baseada no odio ao diferente fai que neste caso esteamos ante un tema moito máis grave.

Sobre esta cuestión, desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes preguntas:

- Procedeu o goberno municipal a eliminar o rastro de todas pintadas nazis?
- Presentou o goberno municipal algunha denuncia ante a Garda Civil ou outro organismo sobre este tema? En caso afirmativo, dispón de algunha información sobre o tema? En caso negativo, por que non o fixo?

En Cabanas, a 26 de setembro de 2017

Asdo. **Iago Varela Martínez**

Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG)